

As contas que non contan

A CIG-Ensino alégrese de que a Consellaría regularizara o incremento na titoría e nos sexenios despois de reclamarllo hai un ano e lamenta que a suba dos salarios públicos siga por debaixo do IPC sumando unha perda do 20% de poder adquisitivo desde 2010.

O profesorado galego recibiu unha ou varias nóminas, dependendo de se traballou nunha soa provincia ou en varias en 2025, e tamén os ingresos correspondentes á suba do 2,5% do seu salario correspondente ao ano pasado e que non puidera cobrarse pola falta de Orzamentos Xerais do Estado.

A CIG-Ensino fai varias valoracións sobre as cantidades recibidas para que o persoal docente teña todo o contexto e non só a propaganda de uns e a contrapropaganda de outros.

- Nos últimos dous acordos salariais pactados polo goberno central cos sindicatos estatais desde o ano 2022 só un ano superou o incremento salarial o do custe da vida. **A CIG Área Pública** (CIG-Administración, CIG-Saúde e CIG-Ensino) **denunciou que a suba pactada en Madrid, excluindo ao sindicato maioritario en Galiza, supón unha perda dun 2,5% de poder adquisitivo nos últimos catro anos, e que se sitúa nun 20% se se toma en consideración os datos do IPC desde 2010.**
- Nunha nómina media, dunha profesora de secundaria con 2 sexenios, esta suba supón un incremento de 61 euros ou de 52 ao mes** dependendo de se se teñen en conta 12 ou 14 pagas. Calquera docente pode comprobar que a suba do custo da vida é moi superior.
- Os sindicatos estatais pactaron subas por debaixo das aplicadas polo goberno do Estado para as pensións, o que resulta insólito**, dado que a tendencia sempre foi á inversa. En todo caso,

Evolución IPC-Salarios 2010-25

ANO	IPC ESTADO	VARIACIÓN	PODER ADQUISITIVO
2010	3,00	-5,00	-8,00
2011	2,40	0,00	-2,40
2012	2,90	0,00	-2,90
2013	0,30	0,00	-0,30
2014	-1,00	0,00	1,00
2015	0,00	0,00	0,00
2016	1,60	1,00	-0,60
2017	1,10	1,00	-0,10
2018	1,20	1,75	0,55
2019	0,80	2,50	1,70
2020	-0,50	2,00	2,50
2021	6,50	0,90	-5,60
2022	5,70	3,50	-2,20
2023	3,10	3,50	0,40
2024	2,80	2,50	-0,30
2025	2,90	2,50	-0,40
2010-2025	37,80	17,01	-20,79

Fonte dos datos:
IPC interanual até 2025 (mes de decembro): INE

o lóxico sería situar ambas subas en cantidades similares e sempre garantindo que fosen superiores ao incremento do IPC. **Cando remate 2026 as pensións terán subido desde 2022 un 20,30% fronte a un 13,5% os soldos do persoal empregado público.**

A evolución da suba das pensións e os salarios no sector público. 2022-2026

Anos	Pensións	Salarios
2022-2024	14,80%	9,50%
2025	2,80%	2,50%
2026	2,70%	1,50%
2022-2026	20,30%	13,50%

- Outro exemplo que amosa o **“entreguismo sindical” de CCOO, UGT e CSIF** é que **a suba pactada para os salarios públicos para o ano 2025, por exemplo, foi do 2,5% mentres a media nos convenios no sector privado asinados no conxunto do Estado foi do 3,4% e en Galiza do 3,5%**, froito tamén da presión exercida pola CIG como sindicato maioritario no noso país. É dicir, soben os salarios pactados coa patronal un punto máis que os pactados co goberno central.

O que non conta a Xunta

Estas días interesadamente a Xunta aparece como a “executora” dunha suba que obviamente nada ten que ver con ela, mais entre a propaganda auspiciada polos medios públicos e os subvencionados en Galiza e o feito de que o persoal docente reciba a nómina da Consellaría pode dar lugar a confusión. O salario do profesorado galego está composto por varios conceptos dos cales o complemento

específico, as titorías, os sexenios e os complementos por cargos son competencia da Xunta. Como ben saben as máis de 30.000 docentes que traballan para a Consellaría de Educación **as últimas subas aplicadas polo departamento de Román Rodríguez foron as do Acordo de Melloras que se resumen nun 10% na contía da titoría e dos sexenios nos anos 2024 e 2025 e para determinados colectivos con cargos, inspeccións e asesorías.**

Con todo, nesta suba, a das titorías e dos sexenios, a CIG-Ensinu advertiu unha trampa a comezos do ano pasado que denunciou publicamente e que levou á Mesa Sectorial: **o incremento que había que aplicar en 2025 nestes dous conceptos non estaba calculado sobre a contía final de 2024 senón sobre a de 2023.**

A CIG-Ensinu vén de comprobar que a súa denuncia e insistencia serviu para que a Xunta regularizara na nómina de decembro tamén esta deficiencia e aplicara a suba íntegra do 10% na titoría e nos sexenios sobre

2024. Aínda que tarde, coma sempre, a Xunta acerta cando rectifica.

Con todo, **non hai prevista no horizonte ningunha negociación, como a que pide o sindicato maioritario entre o persoal docente galego, para incrementar os complementos que dependen da Consellaría na nosas nóminas** unha vez rematado o prazo da pírrica aplicación do mal chamado Acordo de Melloras.

A proposta da CIG-Ensinu é un **incremento lineal para todo o profesorado no complemento específico e nas titorías**, ao contrario das subas selectivas só para determinados colectivos pactada pola Consellaría e os tres sindicatos asinantes. É por isto que o sindicato continuará con mobilizacións e protestas para incluír tamén as **reivindicacións salariais entre as cuestións que é preciso negociar** para loitar contra a falta de recoñecemento da profesión e mesmo a escaseza de profesionais en certas especialidades.

Afíliate para sermos máis fortes!

